

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DO RETO: *Galegas polo mundo!* (versión docente)

	Emisión profesional	Emisión "amateur"	En probas técnicas	En desenvolvemento	Fóra de emisión
Hábitos saudables e hixiene tras a práctica - INDIVIDUAL (CA1.2.1)	Aplica, tras os ensaios e a emisión, de forma autónoma e responsable hábitos de hixiene e coidado persoal, mostrando conciencia da súa importancia para a saúde. (1) <input type="checkbox"/>	Aplica de maneira habitual, tras os ensaios e a emisión, hábitos básicos de hixiene e coidado persoal. (0,75) <input type="checkbox"/>	Aplica algúns hábitos de hixiene ou coidado persoal, tras os ensaios e a emisión, só cando recibe indicacións do profesorado. (0,5) <input type="checkbox"/>	Cómpre recordarlle frecuentemente, tras os ensaios e a emisión, hábitos básicos de hixiene e coidado persoal. (0,25) <input type="checkbox"/>	Non aplica, tras os ensaios e a emisión, hábitos básicos de hixiene e coidado persoal. (0) <input type="checkbox"/>
Participación e cooperación - INDIVIDUAL (CA2.5; CA3.5)	Lidera a cooperación, axuda a coordinar o equipo, resolve conflitos de forma autónoma e fomenta a inclusión e respecto total durante a organización e a posta en escena da danza e do xogo. (1,25) <input type="checkbox"/>	Cumpre o rol asignado, colabora activamente e resolve desacordos mediante diálogo; respecta ideas e habilidades do grupo durante a organización e posta en escena da danza e do xogo. (1) <input type="checkbox"/>	Participa e cumpre o rol asignado con supervisión; colabora de forma básica e respecta aos demais na maioría das ocasións durante a organización e posta en escena da danza e do xogo. (0,75) <input type="checkbox"/>	Participa pouco; necesita recordatorios; dificultades para respectar roles e acordos de grupo durante a organización e posta en escena da danza e do xogo. (0,5) <input type="checkbox"/>	Non participa durante a organización e posta en escena da danza e do xogo. (0) <input type="checkbox"/>
Execución motriz e dominio corporal - INDIVIDUAL (CA3.3; CA3.4)	Executa movementos creativos, coordinados e expresivos; integra ritmo, espazo e interacción; domina a danza/xogo de forma fluída e atractiva durante a emisión. (1,5) <input type="checkbox"/>	Executa movementos coordinados e precisos; respecta ritmo, espazo e interacción; realiza a danza/xogo de forma axeitada durante a emisión. (1) <input type="checkbox"/>	Executa movementos básicos correctos; respecta o ritmo e espazo con algúns erros; interacción limitada co grupo na emisión da danza e do xogo. (0,5) <input type="checkbox"/>	Executa movementos descoordinados; pouca conciencia de ritmo, espazo e interacción co grupo na emisión da danza e do xogo. (0,25) <input type="checkbox"/>	Non executa movementos co grupo na emisión da danza e do xogo. (0) <input type="checkbox"/>
Expresión e comunicación corporal - GRUPAL (CA4.1; CA5.2)	Expresión corporal moi clara, expresiva e creativa; o corpo comunícase con seguridade e intención, transmitindo emocións e identidade cultural. A ambientación, o vestuario e a posta en escena enriquecen a representación e fan a conexión en directo moi atractiva e crible. (1,5) <input type="checkbox"/>	Boa expresión corporal; comunícanse con claridade intencións e emocións a través do corpo. O vestuario, a música e a ambientación están ben integrados e axudan a contextualizar a danza ou o xogo dentro da emisión. (1) <input type="checkbox"/>	A expresión corporal é básica; transmitense algúns movementos e emocións de forma correcta. O vestuario ou a ambientación utilízanse de maneira puntual, sen reforzar claramente a mensaxe cultural da representación. (0,50) <input type="checkbox"/>	A expresión corporal é escasa; os movementos son pouco intencionados e non se acompañan de xestos, actitude nin elementos de ambientación ou vestuario que axuden a comunicar a danza ou o xogo. (0,25) <input type="checkbox"/>	Non hai expresión corporal, nin elementos de ambientación ou vestuario que axuden a comunicar a danza ou o xogo. (0) <input type="checkbox"/>
Uso de recursos dixitais e documentación - GRUPAL (CA3.1; CA3.2)	Domina ferramentas dixitais; rexistros precisos, claros, creativos e ben organizados; comparte información fiable e útil para levar a cabo a preparación da representación e a elaboración do guión. (0,75) <input type="checkbox"/>	Usa ferramentas dixitais correctamente; rexistros completos, claros e organizados para levar a cabo a preparación da representación e a elaboración do guión. (0,5) <input type="checkbox"/>	Usa ferramentas dixitais con certa autonomía; rexistros básicos e algo organizados para levar a cabo a preparación da representación e a elaboración do guión. (0,25) <input type="checkbox"/>	Usa pouco ou mal as ferramentas dixitais; rexistros incompletos ou desorganizados para levar a cabo a preparación da representación e a elaboración do guión. (0,10) <input type="checkbox"/>	Non usa as ferramentas dixitais nin realiza os rexistros. (0) <input type="checkbox"/>

	Emisión profesional	Emisión "amateur"	En probas técnicas	En desenvolvemento	Fóra de emisión
Cultura e aprendizaxe intercultural - GRUPAL (CA5.1)	Transmite de forma creativa e rigorosa a cultura do país. Relaciona danza, xogo, vestuario e ambientación cos valores, tradicións e contexto histórico e social, creando unha emisión coherente e intercultural que achega ao público á realidade cultural representada. (2) <input type="checkbox"/>	Entende e transmite correctamente a cultura e a orixe da danza e do xogo. A ambientación, o vestuario e o uso do espazo reforzan a mensaxe cultural e contribúen a situar a emisión no contexto do país representado. (1,5) <input type="checkbox"/>	Comprende a cultura e o país de forma básica. Establece conexións simples entre a danza ou o xogo e a súa procedencia, empregando unha ambientación ou vestuario sinxelos, con escasa intencionalidade cultural. (1) <input type="checkbox"/>	Mostra pouco interese polo país e pola súa cultura. Non relaciona a danza nin o xogo coa súa orixe nin co contexto cultural, e a ambientación ou o vestuario non gardan relación coa cultura representada. (0,5) <input type="checkbox"/>	Non mostra interese polo país e a cultura e non hai vestuario da cultura representada. (0) <input type="checkbox"/>
Actitude respectuosa e sostible - INDIVIDUAL (CA1.6; CA4.2; CA4.3; CA6.3)	Respecta e coída materiais, espazo e persoas; fomenta un comportamento respectuoso, inclusivo e sostible no grupo na organización, práctica e representación da emisión. (1,75) <input type="checkbox"/>	Respecta materiais, espazos e compañeiros/as; mantén unha actitude respectuosa constante e responsable na organización, práctica e representación da emisión. (1,25) <input type="checkbox"/>	Respecta espazo, materiais e compañeiros/as na maioría das ocasións; actitude respectuosa básica na organización, práctica e representación da emisión. (0,75) <input type="checkbox"/>	Ten pouco respecto polo material, espazo e compañeiros/as; actitude pouco respectuosa na organización, práctica e representación da emisión. (0,25) <input type="checkbox"/>	Non respecta o material nin aos compañeiros/as na organización, práctica e representación da emisión. (0) <input type="checkbox"/>
Capacidade de análise e avaliación - INDIVIDUAL (CA3.2)	Reflexiona de forma crítica e construtiva sobre todo o proceso da emisión: planificación do guión, reparto de roles, organización e resultado final. Propón cambios xustificables e contribúe a optimizar a calidade da retransmisión. (0,25) <input type="checkbox"/>	Analiza de maneira clara o proceso de preparación da emisión (guión, organización, ensaios e posta en escena). Participa activamente e acepta o feedback do equipo e aplica melloras visibles no programa final. (0,20) <input type="checkbox"/>	Realiza unha análise sinxela sobre o guión, a organización ou a actuación, identificando algúns aspectos a mellorar, aínda que sen propoñer cambios claros nin aplicalos de forma efectiva. (0,15) <input type="checkbox"/>	Ten dificultade para analizar o proceso de traballo. Non revisa o guión nin a organización da emisión, e apenas incorpora as achegas do equipo para mellorar a conexión en directo. (0,10) <input type="checkbox"/>	Non analiza o proceso de traballo e non incorpora achegas ao equipo para mellorar a emisión. (0) <input type="checkbox"/>



"Rúbrica de avaliación do reto: *Galegas polo mundo!* (versión docente)", do proxecto *cREAgal*, publícase baixo [Licenza Creative Commons Atribución Non comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)